PASPALLÁS

Número 17 ESPECIAL SOBRADO DOS MONXES

- **EDITORIAL:** PATRIMONIO NATURAL — Páxina 2
- **BREVES:** — Páxina 3
- **INFORME:** A LAGOA DE SOBRADO DOS MONXES
  - A modo de presentación — Páxina 4
  - Da importancia natural de Sobrado — Páxina 5
  - Conteos invernais de aves — Páxina 7
  - Un proxecto ambicioso. Un proxecto de futuro — Páxina 10
  - Centro de interpretación do ecosistema lacustre — Páxina 11
  - Un itinerario educativo interdisciplinar — Páxina 12
- **TABOLEIRO:** — Páxina 15

SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

EDITORIAL

Patrimonio Natural

A preservación da natureza comenzou na protección de certas fontes termais en Arkansas, aínda que é máis coñecida a declaración do primeiro Parque Nacional, o de Yellowstone, en 1872. Chega a España a idea e en 1916 apróbase a **Ley de Parques Nacionales** creándose os de Ordesa e Covadonga. Medio século despois, en plena apertura turística, créanse as Reservas Nacionais de Caza. A de Ancares é (aínda hoxe) unha filla daquela época e mentalidade. Recentemente, e logo de ser subscritos acordos internacionais (Ramsar, Berna, etc) téntase facer unha actualización da lexislación protectora e así en 1989 aparece a **Lei de Conservación de Espacios Naturais, Fauna e Flora Silvestres**. As figuras legais que se suceden: Parque Nacional, Parque Natural, Reserva Biolóxica, Reserva Integral, Paraxe Pintoresca, etc. só embarullan o tema, non coinciden coas clasificacións internacionais e teñen pouca forza para preserva-los ecosistemas, pois a realidade mostra que nestas «áreas protexidas» contamínanse os acuíferos, cámbiase a vexetación autóctona, edificase, ábrense pistas ou cázase. Se existira de verdade un interese político por preserva-la natureza xa había instrumentos legais que o permitían. Sen ir máis alá xa as **Normas Complementarias y Subsidiarias** das Diputacións Provinciais do ano 1977 regulaban a protección do patrimonio natural, clasificando certos sitios como «grandes áreas de equilibrio fragil y alto valor ecológico», propoñendo a súa protección «urgente» ou «preferente» e falando do coidado de augas. A lectura destas Normas recoméndase como **mostra do que se promete e non se cumple**, e non podemos evitar unha cita literal: *«Disposición general: Por las Corporaciones Municipales y demás organismos competentes no se concederá licencia a todo Plan, Proyecto o Acto que tienda a la destrucción, deterioro o desfiguración del paisaje».*

Sen embargo o interese pola defensa da natureza vai en aumento, algo que os políticos non poden despreciar. Desde os anos 70 aparecen listas de espacios a protexer tanto da man de ecoloxistas como na propia Administración. Coñecido é o **Inventario Abierto de Espacios Naturales de Protección Especial** do ICONA, que na práctica de nada serviu pois despois da transferencia de competencias o texto quedou gardado en algún caixón. Galicia, nun primeiro intento e da man de Xosé Luís Aboal, fixo un borrador de **Proxecto de Lei de Espacios Naturais Protexidos Galegos** pero polas razóns que fose quedou simplemente nunha considerable perda de horas de traballo de cantos participamos na redacción. Do pasotismo da Administración dá exemplo Fernández Albor, Presidente da Xunta, que aínda en 1988 sacábase o tema de encima dicindo: «os espacios naturais protexibles serán inventariados».

A situación da natureza de Galicia é penosa, malia a aparición da **Lei de Protección Ambiental de Galicia** en xaneiro de 1995. Non quixeramos que a harmonía do contorno se limitase a determinados lugares, pero ¿como atender a todo o territorio cando non se actúa nin en contados enclaves? **Vinte anos despois** de que a SGHN comenzase a dirixirse ás autoridades solicitando a protección do esteiro do Anllóns, de Baldaio, do cambio de réxime nos Ancares, etc, os resultados conseguidos son moi limitados En 1995 mentres o promedio da superficie protexida nas distintas comunidades autónomas dun 5´8 %, **Galicia ten declarado só un ridículo 0´78 %**. ¡Basta de permitir que o país siga esmorecendo e perdendo o mellor de si!. ¿Que se fixo daquelas prometidas ACCIÓNS PREFERENTES PARA DESENVOLVER NO ANO EUROPEO DO MEDIO AMBIENTE, a saber: declaración do Parque Natural dos Ancares, protección das dunas e marismas de Baldaio, ou Plan Especial de Protección da Fraga de Caaveiro? ¡Temos que ser intransixentes e seguir defendendo todo o que nos caracteriza como pobo, neste caso a paisaxe, a nosa flora , a fauna, os nosos ríos, o litoral!. **¿Compénsanos seguir deixando de ser nós mesmos?** Pensémolo ben: nunha Galicia cunha alta taxa de paro, cuns recursos pesqueiros deteriorados, cunha agricultura miserenta, cunha industria escasa e contaminante, ¿¿¿compensounos económicamente o deterioro ambiental dos últimos vinte anos???

Breves. breves. breves.....

Non é a SGHN a única asociación coa idea de protexer ecosistemas singulares. A modo de exemplo presentamos ó lector diversas iniciativas que perseguen obxectivos semellantes. Poden darnos unha visión máis global do tema e animarnos nos nosos esforzos a prol do «obxectivo Sobrado».

REFUXIO DE MONTEJO DE LA VEGA.....
A asociación ADENA ten asinado un Convenio coa «Hermandad de Labradores y Ganaderos» de Montejo de la Vega (Segovia) pola cal ven xestionando unha parcela de 2100 Ha. O principal ecosistema representado é o acantilado fluvial onde viven moitas especies de aves, desde voitres ata falcóns.

RIDIMOAS, TAN PERTO.....
Peseta a peseta, ferrado a ferrado, cada ano novas parcelas de terreo vanse engadindo a este enclave (propiedade da asociación do mesmo nome) nacido por iniciativa do consocio Pablo Rodríguez «Oitabén» e que se sitúa no corazón do Ribeiro. É unha mostra do monte característico da bisbarra, modificado durante séculos pola man do home (cultivos, piñeiros, parras) e onde pouco a pouco a natureza recupera os seus dominios. A destaca-la presencia de especies mediterráneas como *Chalcides bedriagai* ou *Psammodromus algirus*.

RESERVAS EUREL.....
Son fincas privadas, de extensión variable, que manifestan a vontade conservacionista do propietario en toda Europa. Actualmente existen en España 13 Reservas EUREL, e a CODA serve de enlace internacional, estando en contacto co ICBP.

TAMÉN A S.E.O......
A Sociedade Española de Ornitología xestiona os «Charcones de Miguel Esteban». Trátase dunhas pequenas lagoas (¡protexidas polo concello!) situadas na provincia de Toledo perto de El Toboso, e que forman parte da rede de humidais da Mancha, unha das zonas máis importantes da Europa suroccidental. Actualmente con graves problemas de escasez de auga.

MALVASÍA.....
A *Oxyura leucocephala*, anátida que estivo a piques de desaparecer da lista da fauna ibérica, continúa recuperándose. Dos 22 individuos contados en 1977 pasou a 545 en 1991.Esta situación foi posible gracias a acción de «Amigos de la Malvasía» que en 1983 e por suscripción popular mercou a lagoa de El Rincón, principal enclave de reproducción deste pato.

PROXECTO TESTUDO.....
A finais de 1991 a Asociación de Naturalistas del Sureste (ANSE) adquiriu unha finca en Murcia co fin de crear unha reserva para a conservación e protección do hábitat da Tartaruga Mora. O proxecto financiouse por medio da venda de bonos. Desde a SGHN xa se enviaron para alá algúns exemplares recuperados.

REDE DE RESERVAS DE ADENEX

En 1984 ADENEX iniciou un proxecto de creación de reservas biolóxicas para apoiar á Administración na protección de ecosistemas naturais en Extremadura. Despois de adquirir con recursos propios a primeira reserva esta asociación conseguíu que cinco proxectos fosen financiados pola CE. Adquirindo e arrendando terreos, así como establecendo convenios con propietarios, chegouse á creación dunha rede de reservas ¡de case 15000 Has! que teñen representación dos distintos ecosistemas de Extremadura. A imitar, sen dúbida.

A SGHN é ... unha entidade independente, formada en 1973, adicada á investigación, divulgación e protección do medio ambiente galego. Ten ó redor de 1000 socios. ¿E que facemos?

Investigación: censos de aves invernantes, de mamíferos mariños, de vertebrados en xeral, de insectos, estudio do estado das praias (COASTWACH). ...
Divulgación: voceiros sobre itinerarios naturais e temas como o lobo os incendios, charlas e cursiños e programas de educación ambiental na escola ...
Protección: un esforzo continuo de denuncias e campañas en contra da destrucción vertixinosa que está a sufri-lo medio ambiente galego ...
A **SGHN** forma parte da CODA (a federación estatal de grupos de defensa da natureza).
Ten o nº 264/c-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas e figura no folio nº11 do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente.
Se queres saber máis, estamos na ...
Rúa da Oliveira, 4 - 2º, SANTIAGO (Apdo. 330)
Teléfono (981) 584426.
con delegacións en:
Ourense - Rúa Jesús Soria nº23-2ª eqda. (Apdo. 212)
A Coruña - Apdo. 825
Ferrol - Méndez Núñez 11 (Apdo. 356) tel.352820 (24 horas); fax:352820 (18.30 à 20.30)
Vilagarcía - Apdo. 303

PASPALLÁS é o boletín trimestral da SGHN, pero as opinións expresadas nel (á parte da editorial) non son necesariamente as da Xunta Directiva da asociación. Este nº de "Paspallas" foi elaborado en 1995 antes do nomeamento da actual Xunta Directiva polo que canto se di é responsabilidade da Xunta Directiva anterior.
Colaboran neste número:
Diego Vázquez Rey, Bernardo Carrión Velasco, Agustín Alcalde Lorenzo, Xosé Manuel Penas Patiño, Pilar Antelo Docampo, Carlos Rey Gomez, Xoan Santamaría Camcán.
Impreso en papel reciclado
por Copynino. Santiago.
Dep.Leg.

A MODO DE PRESENTACION

Hai poucos anos un suceso, recollido nos xornais, chamaba a atención sobre a lagoa de Sobrado: tratábase dunha cacería, ou mellor, unha matanza de patos, coa intervención directa dun funcionario da Xunta. Así, este enclave natural, ata entón coñecido por unhas poucas persoas interesadas na natureza -ademais dalgúns dos visitantes do propio Mosteiro- centrou por un día o interese do gran público. Os monxes, propietarios da lagoa (unha das escasas masas de auga de titularidade privada na Península), manifestaron o seu malestar así como a súa disposición porque a lagoa fose un espacio onde se preservasen os valores naturais.

Con esta situación a SGHN, que viña facendo censos e visitando o lugar desde 1973, propúxolle á Comunidade Cisterciense de Sobrado a cesión do ecosistema. O acordo concretouse nun **usufructo** que se asinou ante notario en Betanzos o 16 de xullo de 1992. Os obxectivos a conseguir eran a **preservación** daquel medio e a **promoción e utilización da lagoa como instrumento de educación medio-ambiental e como obxecto de investigación**. Desde entón alumnos de diversos colexios e institutos así como grupos de persoas de tódalas idades están visitando o lugar acompañados por monitores da SGHN. Pero para poder atender debidamente este último aspecto viuse pronto o interese de dispoñer dunhas instalacións onde recibir visitas, explica-lo ecosistema, dar normas de conducta e mesmo establecer unha vixiancia para que as actividades agrarias, urbanísticas, piscícolas ou turísticas non afecten á lagoa.



Por suposto solicitouse a prohibición da caza*. Ademais, en entrevista co Presidente da **asociación local de cazadores** acordouse que eles mesmos non cazasen nunha franxa de protección de 100 m en tomo á lagoa. Dase así mesmo un réxime de pesca controlada**. A propia SGHN emite actualmente as oportunas autorizacións. De aquí obtéñense tamén femias para desove no centro ictiolóxico existente en terreos cercanos, e con eses alevíns estase repoboando grande parte dos ríos coruñeses.

*Así, por exemplo, na Orde de 14 de setembro (DOG de 7-10-94) indícase: «Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na lagoa de Millares ou Irixinova e nas súas marxes, no termo municipal de Sobrado».
**Por acordo da SGHN coa Consellería de Agricultura na lagoa pódese pescar cada ano un máximo de 300 troitas, cunha cota de 12 exemplares por pescador. Cada troita debe ter un tamaño mínimo de 25 cm. A tempada hábil para a práctica deste deporte vai do 1 de abril ó 31 de xullo.



Malia o seu atractivo a lagoa de Sobrado é de orixe artificial, pois foi feita hai centos de anos polos monxes para regar prados, mover muíños e dispoñer de pesca. Para conseguilo encoráronse as augas de dous pequenos regueiros, e a represa serve hoxe como soporte para a estrada que vai a Friol e a Lugo. Dous motivos máis de interese: o primeiro radica en que se considera que na lagoa nace un dos ríos máis significativos de Galicia: **o Tambre**; o segundo: Sobrado é terra de peregrinos, pois por alí pasa o **Camiño de Santiago** do norte que, en chegando ata Ribadeo, atravesa Galicia de norte a sur para xuntarse co Camiño Francés en Arzúa.

UN POUCO DE HISTORIA

O mosteiro de Sobrado foi fundado na Alta Idade Media (ano 952) polo bispo Sisnando II e os seus pais, os Condes de Présaras. Os reis Ramiro III e Ordoño IV realizaron importantes doacións ós monxes malia do cal o cenobio decaeu no s. XI. Xa no s. XIII Afonso VII e os poderosos Condes de Traba reconstruiron o edificio, que pasou a ser casa dos monxes de Claraval. A partir do s. XV quedou vencellado ó Cister e acadou grandes posesións e riqueza, chegando as súas posesións desde terras de Ferrol e Corme ata o Bierzo. Nesta época de esplendor fixose o encoro que dá orixe á lagoa (entre os anos 1500 e 1530). A finais do s. XVIII unha terrible treboada rompeu a represa, o que causou grandes estragos. Coa Desamortización de 1834 o convento foi abandoado ata que en 1965 os cistercienses regresaron e comenzaron a actual etapa de reconstrucción. O mosteiro está declarado Monumento Nacional.

A lagoa de Sobrado é algo máis que flora, fauna, ecosistema: temos diante dos ollos un anaco vivo da historia de Galicia

DA IMPORTANCIA NATURAL DE SOBRADO

Aínda que esta lagoa pódese analisar desde aspectos tan variados como o paisaxístico, hidrolóxico, social, educativo, etc, comentarase seguidamente a súa importancia atendendo a criterios de flora e fauna.



Desde o punto de vista da fauna, e seguindo a valoración exposta en *«Criterios de Valoración de Zonas Húmedas de Importancia Nacional y Regional en Función de las Aves Acuáticas»* (ICONA-35) pódese establecer que a lagoa de Sobrado:

- **Ten importancia a nivel de Galicia**, xa que perante 10 anos o número medio de individuos representa alomenos o 0.2 % dos presentes en Galicia.
- **Ten importancia a nivel español** pois perante 10 anos está presente en máis do 75 % dos conteos realizados algunha especie protexida (criterio que se cumpre ó 100 % e con máis dunha especie).



En Sobrado están presentes 5 especies de réptiles estrictamente protexidos e 5 de anfibios tamén protexidos, dos que 2 especies están consideradas como ameazadas polo que segundo as actuais Directivas da Unión Europea sobre Especies de Interese e sobre Hábitats indican que a lagoa de Sobrado **ten importancia a nivel europeo** xa que nela está presente polo menos unha especie destas características.

Para os amantes das aves e como exemplo da presencia de rarezas dirase que na lagoa deuse o aniñamento da cerceta do estío *Anas querquedula*,citada por BERMEJO e SILVAR xa en 1974, ou a presencia da anátida americana *Anas crecca carolinensis*, mencionada por ALCALDE en 1993. Tamén un parrulo ollodouro *Bucephala clangula* en 1994, 1995 e 1996, e catro patudas *Himantopus himantopus* en maio do 1995 (X.CALVO *et al.*). Aniñan o somorgullo pequeno (12 parellas), o alavanco real (14 p.), a galiña de río (12 p.), a galiñola negra (12 p.), o miñato común e o azor, e a poucos m a andoriña das barreiras. Vense garzas (real e a imperial no paso), numerosas cercetas reais, os patos cullerete e rabilongo e os parrulos chupón, cristado e rubio, ademais de martiño peixeiro, corvo mariño real etc. Entre os vertebrados de interese para a CE (non aves) citaremos *Lutra lutra, Lacerta schreiberi, Chioglossa lusitanica, Triturus marmoratus, Discoglossus galganoi, Rana Iberica* e *Hyla arborea*. Outras especies presentes son a rata de auga, o esquío, o tourón ou o porco bravo

A valoración da importancia botánica da lagoa, que se ten realizado a partir de *«Criterios Botánicos para la Valoración de las Lagunas y Humedales Españoles»* (ICONA), dá como resultado que os índices aplicados teñen un valor elevado tanto no relativo a especies como en asociacións fitosociolóxicas. Así a lagoa de Sobrado considérase de **importancia europea** e **enclave con interese singular** tanto debido á súa diversidade como á presencia da alga *Nitella flexilis*, único lugar de toda a Península Ibérica onde está citada.



Arredor do núcleo da lagoa podemos considerar varias bandas de vexetación. Sería a primeira a zona arboreada (bidueiros, salgueiros, ameneiros...), continuada pola zona de prados (*Carum verticilatum, Ranunculus repens, Holcus lanatus, Cardamine pratensis*, etc) á que seguen xuncos e ciperáceas. Xa na auga vese unha banda de trebos de auga *Menyanthes trifoliatae* finalmente con máis fondura, as tapadeiras *Nymphaea alba*. Como curiosidade dirase que a pouca distancia da lagoa, en pleno Camiño de Santiago, está o carballo catalogado como o segundo por antigüidade de cantos se conservan en Galicia.

En conxunto, e en palabras de GIMÉNEZ DE AZCÁRATE, MUNILLA e ROMERO (1995), esta lagoa é a mellor das zonas húmidas existentes perto do Camiño de Santiago e unha das máis singulares da Galicia interior.



ALGO DA PAISAXE

Nos arredores de Sobrado poden verse pequenas elevacións do terreo: son mámoas, testemuñas dun remoto pasado, que nos falan do poboamento destas terras desde o neolítico. A inmediata serra do Bocelo, que forma parte da Dorsal galega, serve para separa-las provincias de Lugo e A Coruña. Alí nacen as augas que formarán o **Mandeo**, río que discorrendo cara o NO dará lugar á ría de Betanzos. Nace tamén o **Furelos**, afluente do **Ulla**, e que porén levará augas ata a ría de Arousa; como xa se indicou nestas terras nace tamén o **Tambre**. E por se fose pouco, as augas que discorren pola cara oriental da serra axudan a engrosa-lo pai **Miño** e en pasando Lugo e Ourense chegan a bica-las terras do viciño Portugal. En palabras do Prof. DALDA (1972) trátase dun dos máis notables centros de dispersión de augas que a xeografía de Galicia pode mostrarnos.

UN POUCO DE XEOLOXÍA

Sobrado está situado nunha zona de rochas metamórficas denominado **Complexo Polimetamórfico de Sobrado**. As rochas máis abondosas son os neises con algúns afloramentros de gabros. Destacan claramente sobre o terreo formando os característicos «bolos», que son a parte exterior da rocha nai, fragmentada en grandes bloques, que se atopa debaixo da superficie, e que nunha fase posterior e xa exposta ó exterior, foi «traballada» polos axentes xeolóxicos externos.



A Pena da Moura, na aldea da Moruxosa, é o máis sobranceiro destes bolos. As lendas din que foi traída ata aquí sobre a cabeza dunha vella moura, e de aí o nome.

Nas proximidades de Sobrado hai dúas canteiras de lousa que se explotan para áridos de trituración. Hai tamén indicios mineiros de asbestos e arxilas.

E ALGO DO CLIMA



Sobrado ten un réxime térmico e pluvimétrico que se corresponde co dominio climático hiperhúmido. A temperatura media anual é de 10ºC. cunhas oscilacións entre os 22ºC. (en xullo) e os 2ºC. como promedio en xaneiro. As precipitacións superan os 1200 mm anuais.

Datos relativos ó período 1944-1974
Fig. 7a: Precipitación mensual (—) e número de días de chuvia (---).
Fig. 8a: Diagrama ombrotérmico de Gaussien.

CONTEOS INVERNAIS DE AVES

Ainda que para case todos é algo sobradamente sabido, dirase que estes conteos recollen UNICAMENTE as aves vistas nunhas datas moi concretas, xeralmente na primeira quincena de xaneiro de cada ano. Non se citan especies vistas en meses ou dias distintos.

Especies	84	85	86	87	88	89	90	91	92	93	94	95	96
ANÁTIDAS													
Alavanco real *Anas plathyrynchos*	10	6	-	25	17	-	-	-	-	108	75	77	81
Cerceta real *Anas crecca creca*	-	-	-	-	57	-	-	-	-	75	80	58	66
Cerceta de Carolina *Anas crecca carolinensis*	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	0	0	0
Pato cullerete *Anas clypeata*	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	0	1	3
Pato asubión *Anas penelope*	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	3	1	0
Pato cincento *Anas strepera*	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	0	0	0
Pato chupón *Aythya ferina*	7	-	-	4	4	-	-	-	-	10	28	20	0
Pato cristado *Aythya fuligula*	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	1	2	0
Pato ollo de ouro *Bucephala clangula*	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	1	1	1
LIMICOLAS													
Avefría *Vanellus vanellus*	-	91	-	-	-	-	-	-	-	0	0	0	0
OUTRAS AVES													
Garza real *Ardea cinerea*	8	3	-	1	3	-	-	-	-	2	1	1	1
Corvo mariño real *Phalacrocorax carbo*	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	0	1	3
Galiñola negra *Fulica atra*	-	-	-	3	7	-	-	-	-	23	36	24	49
Galiña de río *Gallinula chloropus*	1	1	-	6	-	-	-	-	-	6	22	2	9
Somorgullo pequeno *Tachybaptus ruficollis*	-	1	-	2	-	-	-	-	-	2	4	4	6

Colaboradores: Andrés Bermejo, Antonio Callejo, José Guitián, Santiago Bas, Xosé Ramón Vieiro, Xosé Manuel Aldrey, Agustín Alcalde, Xusto Calvo, Carlos Rey, Xoan Santamaría.

NÓS TAMÉN COLABORAMOS COA NATUREZA

FERRETERÍA

José Antonio Tato López

Sobrado (A Coruña) Teléfono: 78 75 58

CAFÉ BAR TATO

Rúa Portal nº 15

Sobrado (A Coruña) Teléfono: 78 75 35

CAFETERÍA PLAZA

Café KARAOKE

Sobrado (A Coruña) Teléfono: 78 75 21

"CASA JUAN" COMERCIO MIXTO

Praza Portal nº 2

Sobrado (A Coruña)

AUTOSERVICIO J.L. MATO
CAFÉ-BAR, ALIMENTACIÓN, PIENSOS, ABONOS Y VINOS

Nogueira (Sobrado, A Coruña) Teléf. 78 75 23

ZAPATERÍAS VALU

Sobrado Teléf.: 78 76 78 Fax: 78 75 22

CAFÉ-BAR REAL
COMIDAS - TAXI

Angel Lavandeira Buján

Sobrado Teléf.: 78 75 57 Móvil 908 57 57 87

SUGANA, S.L.
SUMINISTROS GANADEROS
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN

Sobrado (A Coruña) Teléfono: 78 76 50

PIBATEX, S.L.

Vía Faraday, 37
Polígono Industrial del Tambre
Teléfono y Fax 57 37 47 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

NÓS TAMÉN COLABORAMOS COA NATUREZA

Sociedade Cooperativa Limitada

VIVEIRO FORESTAL

MAIS DE 150 ESPECIES PARA REPOBOACIÓNS

PROXECTO E EXECUCIÓN DE

REPOBOACIÓNS FORESTAIS

ÁRBORES AUTÓCTONAS

Pódenos consultar tamén sobre frotais e ornamentais



ESGOS

Tel: (988) 290137 Fax: (988) 290162 Tarreirigo-Esgos

Ourense

Orbi Sport co deporte e a **NATUREZA**.
Precios especiais para os socios.
C/ Rosalía Castro, 56, Santiago. Tlf. 596188

SANTIAGO

VELOCIPEDO

BICICLETAS DE MONTAÑA
Y DE COMPETICION

C/ Rúa de San Pedro, 23

☎ 58 02 60

Nino

Servicios Reprográficos

fotocopias color - encuadernaciones
planos - transparencias - tesis
proyectos - offset

Gral. Pardiñas 2 Tel: 58 69 36
Rosalía de Castro 56 Tel: 59 03 02
Santiago de Compostela

LIBRERIA
FOLLAS NOVAS, S. L.

MONTERO RIOS, 37 - APARTADO 504
TLFS. 59 44 06 - 59 44 18 - FAX 59 06 12 15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA

GRUPO Image Center **VigoFoto**

FOTOGRAFIA, CINE, VIDEO Y SONIDO
REPARACIONES

LAXE, 11 y 13
TELEFONOS: (986) 22 72 88 - 22 72 89
FAX (986) 22 19 04
36202 VIGO

VISITANOS, TENEMOS GRANDES OFERTAS PARA LOS AMANTES DE LA NATURALEZA
Presentando el CARNET de Socio accederas a los precios más exclusivos.



REPUBLICA DE EL SALVADOR, 9
TELEFONO 565812 - FAX 572239
SANTIAGO DE COMPOSTELA

UN PROXECTO AMBICIOSO.....
.....UN PROXECTO DE FUTURO

Para cantos non visitastes aínda a lagoa de Sobrado dirase que é unha masa de auga de forma case circular, que ocupa unha extensión de perto de 10 Has. É unha boa representación de ecosistema lacustre no que poden verse troitas, centos de ras pousadas sobre tapadeiras, patos, somorgullos, cabaliños do demo, ditiscos, londras ou corvos

mariños. Asociada á lagoa e como enmarcándoa aparece a típica vexetación arbórea propia do bosque-galería: ameneiros, salgueiros, freixos e bidueiros, que deixan paso á típica paisaxe agraria galega formada por prados, cultivos e bosques.

A sensación que o lugar ofrece é de enxebreza, de paisaxe a penas alterada, de ambiente que hai que preservar para os séculos vindeiros. Pero a impresión primeira pode resultar falsa: agora mesmo hai aportes de purín ós prados que, evidentemente, acaban sendo arrastrados por filtración ou escorrentía; con sorte o visitante mesmo pode ver como se limpan as cisternas directamente na lagoa. Periodicamente hai tratamentos fitosanitarios na piscifactoría e nos terreos agrícolas, que tamén acaban chegando á auga. Ocasionalmente lávanse coches e os visitantes abandonan lixo. A lagoa colmátase* día a día. E sobre todo existe a *ameaza permanente de construcción de vivendas, galpóns ou cortes de gando* nas inmediacións: cando vos acheguedes ó lugar desde o núcleo de Sobrado veredes que moi perto do lago estase parcelando e construíndo. Hai poucos anos houbo o proxecto -non abandonado aínda en algunhas mentes- de facer unha estrada periférica que se completaría con chiringuitos, para disfrute dos paseantes.

O ideal sería sen dúbida chegar, co tempo, a **adquirir as vinte fincas que rodean a lagoa** para poder asegurar deste xeito que as actividades que nelas se leven a cabo non supoñan unha permanente ameaza cando non un xa tanxible atentado ecolóxico. Agora mesmo poderían mercarse, de dispoñer de fondos (só 6 millóns;¿alguén dispón deles?), dúas parcelas, unha de cinco e outra de corenta ferrados. O proxecto non é «descabellado». Outras asociacións o están levando a cabo, desde Inglaterra ata Extremadura. A esta idea de preservación únese a da súa utilización didáctica: velaí o proxecto dun **Centro de Interpretación do Medio**, exposta en decembro de 1994 ó Presidente da Xunta. Necesitamos implicar a institucións e a particulares: dos primeiros conseguíuse xa a participación da Deputación da Coruña, cun aporte inicial de un millón de pts e prepárase un Proxecto de Convenio coa Consellería de Agricultura. Pero a **cooperación de cada un de nós é moi importante**. Sobrado pode e debe ser un proxecto colectivo: cada socio pode non só colaborar directamente senón solicita-la participación doutros: ecoloxistas ou amas de casa, futbolistas ou alcaldes, da moza, do sogro, dos amigos. Fagamos realidade en Sobrado o lema da UNESCO: **Pensar globalmente, actuar localmente.**



*O volume de auga está moi mingüado desde as orixes da lagoa tendo o leito recoberto dunha espesa capa de fango (VARELA, 1978), motivo polo que a Xunta propuxo á SGHN o interese de extraer sedimentos a fin de conseguir maior fondura. Esta actuación, a realizar nunha zona concreta perto do dique, enriquecería o conxunto do ecosistema ó dotalo dunha maior diversidade, favorecendo os requirimentos de diversas especies (aves acuáticas mergulladoras, troitas, invertebrados diversos, etc.) e amortecendo as variacións de temperatura, osíxeno disolto e pH ó longo do ano.

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO ECOSISTEMA LACUSTRE

Como se indicou e aínda que o proxecto significa un forte aporte económico, precisaríase dispoñer dun Aula onde os visitantes poidan aprecia-la importancia do ecosistema lacustre, de modo que sirva como representación das zonas húmidas en xeral e da importancia que as mesmas teñen na biodiversidade do planeta.

Neste edificio, que deberá contar cunha perfecta integración co entorno que o rodea e te-las dimensións o máis reducidas posible, poden considerarse as seguintes dependencias:

1.- Sala de conferencias e proxección.- Tómase como patrón o espacio que pode ocupar unha clase de BUP (ata 40 persoas). Considérase importante que o primeiro contacto dos visitantes coa lagoa sexa por medio dunha presentación que inclúa o que é o ecosistema, posibilidades de actuación e limitacións existentes. Permite expoñer diapositivas ou vídeos. Pódese utilizar para facer cursiños, reunións, etc.

2.- Sala de exposición.- Constitúe o propio núcleo do Centro e nel reúnense e expóñense os distintos materiais achegados do medio circundante (xea, flora, fauna) ademais de carteis, acuarios, etc. Para un mellor aproveitamento pénsase confeccionar unha Guía Didáctica.

3.- Biblioteca.- Por unha parte estará dotada de guías de campo e textos de divulgación, pretendendo reunir tamén publicacións específicas sobre Zonas Húmidas e en particular as que fagan referencia á lagoa; tamén pode conter materiais sobre ó entorno circundante en diversos campos (artístico, histórico, social, etc).

4.- Sala de espera para visitas.- Espacio concebido pensando na necesidade que teñen os colectivos de dispoñer dun lugar onde acobillarse das inclemencias do tempo e mesmo que lles resolva o importante problema de comer a cuberto.

5.- Faiado.- Pensado coa posibilidade de habilitar un lugar para dormir, contando coa posible presencia de socios ou estudiosos da lagoa, ademais de facilitar a presencia de persoas que controlen o ecosistema. Esta zona complétase cun Reservado que proporcione un grao de intimidade a estas persoas e solucione as mínimas necesidades.

As dependencias anteriores complétase cun espacio destinado a almacén (onde tamén se poidan preparar materiais diversos) e os necesarios servicios hixiénicos.

As instalacións devanditas esperamos poder completalas con dous observatorios para aves, a situar un perto do embarcadeiro e o outro no fondo da lagoa, ben camuflados entre as árbores da ribeira.



UN ITINERARIO EDUCATIVO INTERDISCIPLINAR

Desde 1992 e cumprindo un dos obxectivos propostos, a SGHN está axudando a moitas persoas a descubrir Sobrado, especialmente a rapaces e rapazas en idade escolar. A **oferta educativa interdisciplinar** (C. naturais e sociais) que a Sociedade ven realizando ós centros educativos interesados en visitar esta zona, e a efectos de que tal visita nun supoña un impacto negativo na lagoa pola presencia de 30-40 persoas, consiste na proposta de **varios centros de interese** ubicados na bisbarra. As opcións que os docentes poden escoller, ademais da propia lagoa e do Mosteiro cisterciense, son:

- Posible visita á piscifactoría da Xunta
- Igrexa de Sto Antoniño de Toques (elementos prerrománicos)
- Ruínas romanas da Cidadela (en excavación)
- Museo «Terra de Melide» (arqueolóxico e etnográfico)*

Visita do Instituto de Bacharelato de Arzúa

* Estableceronse os oportunos contactos coa Dirección deste centro, dándosenos amplas facilidades para esta visita así como para o posible achegamento ó Castro da Graña.

Para que o profesorado teña coñecemento desta oferta, presentáronse as oportunas ponencias así como o vídeo sobre a lagoa (elaborado polos amigos do colectivo Natrix de Ferrol e que previamente se pasa ós visitantes), no **Congreso da ENCIGA** (Asociación de Ensinantes de Ciencias de Galicia) celebrado en Lugo en novembro de 1994, así como nas **2ªs Xornadas Galegas de Educación Ambiental** celebradas en Santiago en decembro do mesmo ano. Estamos á espera da publicación das Ponencias de ambolosdous congresos, que sen dúbida achegarán o Proxecto Sobrado a moitos ensinantes.

Os centros interesados deben poñerse en contacto coa SGHN-Santiago no teléfono 584426.

Visita do Colexio Público de Dices (Rois).

RECOMENDACIÓNS E PROHIBICIÓNS.

- Gárdese o máximo silencio no contorno da lagoa, percorrendoa en grupos pequenos.
- Respéitense as pradeiras, as sebes, as plantacións agrícolas e o gando doméstico.
- Non se permite a recolección de prantas nin molestar á fauna.
- Colabore recollendo os posibles resíduos, propios ou alleos.
- Non se permite contaminar as augas por lavado de vehículos ou por calquera outra actividade.

GRACIAS POR AXUDARNOS A PRESERVAR ESTE ECOSISTEMA





¿XA TES O TEU BONO?

Desde o comenzo da campaña son xa moitos os amigos e amigas que colaboraron coa SGHN no Proxecto Sobrado. Curiosamente, son tantos os non-socios como os asociados/as. Como sabedes, xa foi adquirido un terreo nos arredores da lagoa, o que nos permitirá nun futuro máis ou menos inmediato levar a cabo unha Aula de Natureza.

Esta Aula permitiranos conseguir un triple obxectivo:

a) Que a SGHN teña unha presencia máis permanente en aquel lugar e se poidan controla-las posibles agresións ó ecosistema (Obxectivo: **PRESERVACIÓN** DOS VALORES NATURAIS DA LAGOA)

b) Que se poidan atender debidamente as visitas e que estas consigan un mellor coñecemento da importancia das zonas húmidas (Obxectivo: **EDUCACIÓN**)

c) Que se poidan levar a cabo algúns traballos, como anelamentos, conteos regulares de acuáticas, estudios de vexetación, de invertebrados, etc. (Obxectivo: **INVESTIGACIÓN**)

Para consegui-lo teu bono podes:

- Pasar pola Delegación da SGHN máis próxima ó teu domicilio.
- Facer un xiro postal a favor da Sociedade, indicando que é para este fin.
- Transferencia á Conta Corrente 14600 no Banco Gallego, Praza Cervantes 15, Santiago.

Non debera ser necesario recordar que mil pts parecen moito pero nin chegan para ir un par de veces ó cine. ¡Se solidario, se xenerosa coa natureza!

PRIMEIRA RELACIÓN DE COLABORADORES:

Xosé Fernández Lopez
Carlos Mosquera
Adolfo Muiños
Covadonga Rodríguez
Aurora González
Anxo Castro
Rosa Álvarez
Manolo Martínez Barreiro
Ana Fieira Nogareda
Antonio Pérez
Puri Cabido
Goretti Sanmartín
Francisco J. Parga García
Alfonso Touceda Abelleira
Calros Rodríguez Silvar
Francisco Diaz-Fierros Viqueira
Alberto V. Pampin
María J. Souto
Pepita Vidal Blanco
Mercedes Gutierrez Miranda
Gloria Álvarez García
Maricarmen Paz Santasmarinas
Luisa Cortiñas Balado
Marta Robres
Eva López Soto
Manolo Pedrosa Agrasar
Carmen Barreiro Neira
Merche Marinas González
Pablo Meira Cartea
Luis Balsa
Jose M. García Pomar
Mª Carmen García Acosta
Mª Angeles Bouzas Viturro
Elena Arias Rodríguez
Luis Nieto Lago
Eva Castro Tarrío
Josefa Vázquez Duarte
Josefa Campaña Carballo
Roberto Chao Gavilán
Pedro Resúa Muñíz
Estanislao Vázquez Rey
Ramón Rey González
Marcos Rey Lojo
Roberto Rey Lojo
Manuel Casal
Ismael Baloira
Conchita Pardo
Montse Rios Santomé
Pepe Campos
Carlos Rey Gómez
Xulia Rey Randulfe
Xulio Rey Vázquez
Sara Rey Vázquez
Xabier Campos Ríos
Ana Campos Ríos
Xosé B. Castro Anbroa
Xabier Varela Peiteado
Xoan M. Santamaría Cameán
Manuel Amenedo Villar
Xosé Ramón Vieiro
Xesús Couceiro Rivas
Xoán B. Filloy Rial
Luisa Fernanda Fernández
Luz Pardo Copa
Roberto García Villasenín
Xulio Cobas Brenlla
Tareixa Fraga Seoane
Arturo Graña Fernández
Encarna Peiteado
Avelina Novais Suarez
Amalia Mato Landeira
Emilio Rodriguez Rodriguez
Socorro Santos Lorenzo
Manuel Silva Andújar
Lourdes Maceiras
Rosa M. Tubio Piñeiro
Tucho Piñeiro Seage
Centro Cultural de Taragoña
Ignacio Fernández Figueira
Fina Villar Piñón
Susana Vicente Comojo
Helena Vicente Seco
Xosé R. Suárez Martínez
Juan Lorenzo Otero
Xosé M. Penas Patiño

BONO DE PARTICIPACIÓN

LAGOA DE SOBRADO

Para colaborar coa SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN) no proxecto de adquisición de terreos para a conservación da Lagoa de Sobrado, e a difusión e estudio daquel ecosistema e da súa flora e fauna.

O TESOUREIRO,

O compañeiro Antón Labraña cedeu os dereitos de autor do libro "Gráficas e Funcións". (Se che interesa, véndese nas librarías a 1200 pts, pero a SGHN dispón de algúns exemplares ó precio para socios de 600 pts). ¡Gracias Antón!

TABOLEIRO

SECCION SOBRADO

Acaba de crearse a Sección Sobrado pra a organización do traballo neste lugar. A Sección ten carácter aberto, polo que calquera asociado pode integrase na mesma. Inicialmente conta cunha comisión executiva integrada por 5 socios de Santiago, solicitándose que haxa ademais un ou dous por cada Delegación. Si estás interesado dirixete a Carlos Rey Gómez no teléfono de Santiago.

Proximamente levarase a cabo unha campaña de anelamento en Sobrado. Se queres participar ponte en contacto con Agustín.

Agradecementos

Queremos dar un agradecemento especial a Juan Angel Núñez, viciño de Sobrado e bon amigo, que desde o comenzo do proxecto acompañounos cantas veces o precisamos para levar a cabo distintas xestións. Nin unha soa vez saiu da súa boca a palabra non. No nome da SGHN e sobre todo, no nome da natureza ¡gracias, Juan!



SOBRADO: FICHA TÉCNICA

Altitude..... 510 m s.n.m.
Latitude..... N= 43ª 2' 15"
Lonxitude..... W= 4° 19' 20"
Superficie da cunca de recepción....6,6 km²
Superficie da lagoa.....117405 m²
Profundidade máxima..... 4,60 m
Profundidade media..... 1,53 m
Variación máxima da profundidade
ó longo do ano.....0,2 m
Superficie coberta de vexetación
(período estival).....75 %
Diferencia máxima de temperatura
entre fondo e superficie.....8,2ºC
Tª máxima en superficie.....25,2ºC
Tª mínima en superficie.....5,4ºC
Tª máxima no fondo.....18ºC
Tª mínima no fondo.....5,5ºC

E AGORA, ALGO PARA LEVAR

Toda a bisbarra de Arzúa ten sona polos seus queixos: nada mellor que volver a casa cun bo e manteigoso queixo mercado no mesmo Sobrado. Os monxes teñen tamén galletas e licores que, aínda que non autóctonos, paga a pena probar. Nas cercanías teñen sona os melindres de Melide e o pastelón de Arzúa.

¡FAITE SOCIO!

Fotocopia esta ficha, cúbrea e mándaa á S.G.H.N.
Apdo. 330. 15780 Santiago de Compostela.
¡Apoia o noso labor en defensa da Natureza Galega!

Apelidos: .....
Nome: .....
D.N.I.: .....
Data de nacemento: .....
Enderezo: .....
Localidade: .....
Provincia: .....
Teléfono: .....

Categoría de socio (indica cunha cruz)	Cuota anual
Infantil (ata 12 anos)	750 pts
Xuvenil (ata 18 anos)	1.500 pts
Estudiante	2.250 pts
Plenario	3.000 pts
Familiar	4.500 pts
Protector	150.000 pts

Sr. Director do Banco/Caixa ....., sucursal nº .....:

Prégolle admita os recibos que no sucesivo lle remita ó meu nome a Sociedade Galega de Historia Natural e os cargue na miña conta nº .....

Atentamente,

Sinatura: Data:

«Cada parcela desta terra é sagrada para o meu pobo: as fragas, as areas das praias, as pingas de orballo, os vales, as montañas, o insecto que funga. Todo isto, ata a seiva que circula polas veas das árbores leva consigo a memoria dos nosos antergos».

Xefe indio Seathl

PASPALLÁS

Boletín da Sociedade Galega de Historia Natural

Apartado 330. Santiago de Compostela